

## BIOGRAFÍA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

**1911.** Nace Álvaro Patricio Cunqueiro Mora en Mondoñedo, o 22 de Decembro, do matrimonio entre dona Pepita Mora Moirón, filla dunha importante familia mindoniense, e don Xoaquín Cunqueiro Montenegro, cambadés e farmacéutico con botica na cidade episcopal.

**1921.** Trasládase a Lugo para completar o bacharelato, estudando no colexio dos Irmáns Maristas e logo no Instituto Xeral e Técnico sito na rúa San Marcos. Alí coñece a Ánxel Fole, aos imáns Correa Calderáon e mais a Luis Pimentel.

**1927.** Matricúlase na Universidade de Santiago de Compostela na carreira de Filosofía e Letras, como alumno libre. Él e Fole comparten pensión na rúa Enseñanza e frecuentan as tertulias do Café Español e do Derby, onde coinciden con Eiroa, Arturo Cuadrado, Gonzalo Torrente Ballester, Manuel Colmeiro e Luis Seoane, entre outros.

**1930.** Primeira colaboración na revista *Vallibria*, que edita en Mondoñedo Xosé Trapero Pardo.

**1931.** Intervén, xunto a Fole, nun mitin da O.R.G.A. (Organización Republicana Gallega Autónoma) en Ribadeo, afíliase ao recién nado Partido Galegista e colabora en A Nosa Terra, o seu voceiro oficial.

**1932.** Publica o seu primeiro libro de poemas, *Mar ao Norde*, (cubismo), con debuxos de Luis Seoane na colección da editorial Nós, que dirixe Ánxel Casal. Deste ano son tamén os sete poemas *Soma de craridades*, para o album de debuxos de Seoane *Síntese do crime*, orixinal que se perdeu na destrución da editorial Nós en 1936. Así mesmo, colabora nas publicacións periódicas *Universitarios*, dirixida por Fernández del Riego; *Resol*, de Arturo Cuadrado, e *Yunque*, de Cuadrado e Fole, adiantando algúns dos poemas que formarán os seus vindeiros poemarios. Xunta o seu amigo da infancia Fernández del Riego estrease como editor, publicando en Mondoñedo a revista *Galiza*.

**1933.** Seguindo coa teima editora, publica unha folliña efémera de poesía, *Papel de color* e ve sair do prelo os libros *Poemas do si e non* (surrealismo) (Edicións Un, Lugo) e *Cantiga nova que se chama riveira* (Edicións Resol, Santiago), coa que inicia a corrente neotrovadoresca na lírica galega. Neste ano dá as súas primeiras conferencias: na Reunión de Artesanos de A Coruña co gallo do Centenario de Manuel Murguía; en Ourense, nunha exposición de Manuel Colmeiro, e en Lugo, tamén sobre Colmeiro.

**1934.** Neste ano, no que Cunqueiro obtén o premio Gil Vicente por *Cantiga nova...*, viaxa a Barcelona invitado pola asociación *Amics de la Poesía*, de Carles Riba, para ler os seus poemas e falar sobre a pintura de Colmeiro e alí traba amizade con Tomás Garcés e Joan Teixidor, poetas do grupo de Riba.

**1935.** Edita a revista *Frol de diversos*, con debuxos de Bernardino Vidarte e publica na revista *Oficiña: Impresos sentimentais*, que tira en Vilagarcía Aquilino Iglesia Albariño, senllas visións poéticas dedicadas a Rosalía, Antonio Nobre e Enrique Heine e mais o poema “Epigramma”. A revista *Quaderns de Poesía*, do grupo catalán inclúe unha colaboración de Cunqueiro, rentes das de Pedro Salinas, Paul Éluard, García Lorca, Joan Vinyoli e Gabriela Mistral, entre outras.

**1936.** Participa activamente, como orador e articulista, na campaña a prol da aprobación do Estatuto de Autonomía. Despois da sublevación de parte do exército e do comezo da Guerra Civil, Cunqueiro aproxímase á Falanxe Española e pón as súas habilidades literarias ao servizo do Réxime franquista. Dirixe en Ortigueira o semanario falanxista *Era Azul*. Inicia así unha xeira de colaboración xornalística por un amplo abano da prensa oficial, véndose o nome do escritor en *Arriba, Y (Revista para la mujer Nacional Sindicalista)*, de Madrid; *Vértice*, de San Sebastián; *Legiones y Falanges, Santo y seña*, e *Alerta de las Letras*, entre outros.

**1937.** En Febreiro trasládase a Vigo para se incorporar a *El Pueblo Gallego*, dirixido daquela por Jesús Suevos.

**1938.** Inscríbese no Registro General de Periodistas. En Novembro cambia o xornal vigués polo donostiarra *La Voz de España*.

**1939.** En Abril abandona San Sebastián e instálase en Madrid, integrándose na redacción de ABC. Recóllense un monllo dos seus poemas circunstanciais no volume colectivo *Corona de sonetos en honor de José Antonio Primo de Rivera*, publicado en Barcelona. No mesmo ano publícase, na revista *Vértice*, a súa *Historia del Caballero Rafael*.

**1940.** Aparecen máis textos seus, cos da intelectualizade falanxista, noutro volume panexírico: *Laureados* (ed. Fermín Bonilla, San Sebastián). Retoma, non obstante, a poesía seria en *Elegías y canciones*, prologado polo seu amigo Eugenio Montes.

**1941.** No suplemento literario da revista *Vértice* aparece unha obra dramática: *Rogelia en Finisterre*.

**1943.** Abandona a Falanxe.

**1944.** Retíraselle o carnet de xornalista, co gallo dun incidente no que se ve relacionada a ambaixada de Francia. Termina aquí a súa relación co franquismo.

**1945.** Sen poder traballar en prensa, mantense en Madrid colaborando esporádicamente en revistas literarias. Así publica o relato “El Caballero, la Muerte y el Diablo” en *Fantasia*, e outros textos en *Finisterre* e *Posío*. Publica tamén, baixo o pseudónimo de Álvaro Labrada, *San Gonzalo* (Editora Nacional, Madrid) e unha glosa do poema do seu admirado François Villón *Balada de las damas del tiempo pasado* (Ed. Alhambra, Madrid).

**1948.** Volta a Mondoñedo, “reclusión involuntaria”, e reaparece nas páxinas culturais do compostelán *La Noche*, gracias ao seu amigo da infancia Fernández del Riego, máis tarde en *El Progreso* (Lugo), *La Voz de Galicia* (A Coruña) ou *La Región* (Ourense).

**1950.** Sae do prelo *Dona do corpo delgado* (Sabino Torres Ferrer, editor, Pontevedra), onde inclúe tamén algúns poemas de carácter reflexivo e nostálxico influenciados pola poesía de François Villon.

**1951.** Publica en Luarca (Asturias) o *Rondeau en loor de un botánico del siglo XVIII que regresa de Cipango y Catay y todas las Indias* (Imprenta Herederos de Ramiro P. del Río).

**1954.** Edítase *Crónica de la derrota de las naciones* (Atlántida, A Coruña) e, en colaboración con R. García Suárez, o libro *Maside* (Editorial Galaxia, Vigo) sobre o célebre pintor, amigo seu.

**1955.** A paciencia e teimosía de Francisco Fernández del Riego veuse premiada co remate da obra senlleira e basilar do escritor no idioma nacional: *Merlín e familia e outras historias*, que por fin o amigo puido publicar na viguesa Editorial Galaxia.

**1956.** Sae do prelo *As crónicas do Sochantre* (Editorial Galaxia, Vigo), a segunda pedra da construción da novelística galega de Álvaro Cunqueiro.

**1957.** Reedítase *Cantiga nova que se chama riveira* (Editorial Monterrey, Vigo) e o concello de Vigo publicalle *Vigo, puerta del Atlántico*. A editorial barcelonesa AHR publica a versión castelá do *Merlín*, ampliada con alguns relatos complementarios.

**1958.** Seguindo coa súa querencia pola transformación dos mitos, publica *O incerto Señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (peza dramática en tres xornadas) (Editorial Galaxia, Vigo) e con José María Castroviejo, *Teatro venatorio y coquinario gallego* (Editorial Monterrey, Vigo).

**1960.** Recibe o Premio Nacional da Crítica por *As crónicas do Sochantre*, que fora traducida ao castelán o ano anterior, e publica *Escola de menciñeiros e fábula de variazente* (Editorial Galaxia, Vigo) cun prólogo do seu amigo da mocidade Domingo García Sabell.

**1961.** Álvaro Cunqueiro pasa de colaborador habitual de *Faro de Vigo* a redactor en plantilla, levado polo director do xornal Francisco Leal Insúa. Neste mesmo ano ve a luz outro dos pilares da literatura galega contemporánea: *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (Editorial Galaxia, Vigo).

**1962.** Tradúcese ao castelán o *Simbad* (Editorial Argos, Barcelona), mentres a fama do escritor medra fóra de Galicia, como testemuña a publicación de *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia. Caza y cocinas gallegas* (Editorial Espasa-Calpe, Madrid), en colaboración co seu inseparable J. M. Castroviejo; e tamén de *Rutas de España: La Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra* (Publicaciones Españolas, Madrid).

**1964.** Ascende á subdirección de *Faro de Vigo* e ingresa na Real Academia Galega, na cadeira de Ramón Cabanillas. o acto de ingreso ten lugar en Mondoñedo, onde le o seu discurso *Tesouros novos e vellos*.

**1965.** É nomeado director de *Faro de Vigo*.

**1968.** Gaña o Premio Nadal con *Un hombre que se parecía a Orestes*.

**1969.** Comezan a editarse as series de artigos xornalísticos de Cunqueiro: *El envés* (Editorial Táber, Barcelona).

**1970.** Publícanse máis series xornalísticas: *Laberinto y Cía* e mais *El descanso del camellero* na editorial catalana Táber.

**1971.** Galaxia publicalle *Xente de aquí e acolá*, e a editorial Everest (León) dous libros de viaxes: *Rías Bajas gallegas* e *Vigo y su Ría*.

**1972.** Sae do prelo o libro *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca* (Destino, Barcelona).

**1973.** Publícase *A cocíña galega* (Galaxia, Vigo).

**1974.** A editorial Destino publica *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes*.

**1976.** Publica *Tertulia de boticas prodigiosas y escuela de curanderos* (Destino, Barcelona).

**1979.** Publica *Os outros feirantes* (Galaxia, Vigo), que merece o premio Conde de Godó de Xornalismo.

**1980.** A Universidade de Santiago de Compostela recíbeo como Doutor Honoris Causa.

**1981.** Falece Álvaro Cunaqueiro, en Vigo, o 28 de Febreiro.

\* \* \*